



Explicación do IDG

O **Índice de Desigualdade de Xénero (IDG)** reflicte a perda na consecución de niveis adecuados de desenvolvemento humano debido á falta de igualdade entre homes e mulleres mediante unha medida composta que se calcula a partir de tres dimensións:

- Saúde materna e reprodutiva.
- Empoderamento da muller na súa sociedade.
- Igualdade home-muller no mercado laboral.

O seu valor vai de 0, onde homes e mulleres son iguais nos termos de referencia a 1, onde se produce desigualdade case absoluta entre homes e mulleres.

Países segundo o seu IDG

Analizade esta lista de países e buscade información sobre a situación das mulleres neles.

País e clasificación segundo o IDG	IDG
1 Suíza	0,04
3 Países Baixos	0,044
9 Alemaña	0,066
12 Bélxica	0,073
15 España	0,081
19 Francia	0,102
23 Grecia	0,119
30 Polonia	0,137
37 China	0,164
43 Estados Unidos de América	0,203
50 Arabia Saudita	0,257
52 Federación de Rusia	0,271
69 Turquía	0,328
77 Arxentina	0,362
94 Alxeria	0,429
135 Exipto	0,565
158 Níxer	0,695
159 Iemen	0,767

Tomando como referencia o noso país, cuxa situación nos é máis coñecida:

- Como credes que reflicten os datos do IDG a situación das mulleres no mundo?
- Credes que realmente a situación das mulleres é todo o boa que marcan as cifras oficiais?
- Tendo en conta a situación dalgúns países entre os primeiros nese índice. Que vos parece que podería significar?
- A comparación entre os distintos países: permite sacar algunha conclusión? Cal?
- Que factores dos que afectan á mortalidade materna, poderían estar relacionados? (actividade de febreiro)
- Vemos algunha relación se comparamos esas cifras cos datos de desenvolvemento humano que reflicte o IDH? (véxase explicación na actividade de novembro ou no calendario)



Oes ou escoitas?

A partir do que mostra o Índice de Desigualdade de Xénero (IDG), queremos reflexionar sobre a situación da muller e as dificultades que teñen aínda hoxe para vivir nun mundo con plena igualdade.

Un dos elementos nos que máis se ve isto é a persistencia de mensaxes machistas de todo tipo, especialmente nas letras dalgúns cancións, tal e como analizaremos na seguinte actividade.

Do mesmo xeito que a música é reflexo da nosa época, tamén o foron no seu momento os refráns, dos que podemos pensar que son moi antigos, ou froito dunha sociedade doutra época. Con todo, se analizamos as letras de cancións moito máis actuais, veremos que as mesmas ideas sexistas seguen vixentes.

A música é un instrumento moi poderoso á hora de transmitir mensaxes, por tanto, debemos ser conscientes e críticos co que escoitamos, prestando atención ao contido.

Estudo dos refráns en grupos pequenos

Dividir a clase en grupos de catro persoas e entregar unha fotocopia do cadro Refráns a cada un dos grupos para que reflexionen e respondan as preguntas que se expoñen. Cada grupo elixirá a unha persoa que tome nota e faga de portavoz.

Cando teñan rematado, poñer en común o traballado en cada grupo.

Remarcar especialmente o tema da vixencia dos refráns que se expón na última pregunta, para deixar orientada a seguinte fase da actividade.

Estudo das cancións en grupos pequenos

Divididos nos mesmos grupos, entrégase aos grupos a folla con cancións, ou se lles pide que pensen cancións con letras de contido machista ou degradante cara á muller. Deixará un tempo para que respondan as preguntas e logo poñer en común entre toda a clase as respostas de cada grupo, a través de preguntas como estas:

- Que vos chamou a atención do contido dos textos entregados?
- Sorpredeuvos que sexan letras de cancións? Por que?
- Son moi diferentes das letras das cancións achegadas por vós/ as?
- Parécenvos moi diferentes as mensaxes que conteñen estas cancións dos que aparecían nos refráns? Por que? Que nos está transmitindo isto?
- Coñecedes cancións que, á inversa, transmitan mensaxes que falen da igualdade e da denuncia de situacións de inxustiza cara á muller? Pedir que pensen e compartan con todos/ as os seus compañeiros/ as unha canción

Algúns exemplos:

Ella. Intérprete: Bebe.

Malo. Intérprete: Bebe.

Se acabaron las lágrimas. Intérprete: Huecco.

Que nadie. Intérprete: Manuel Carrasco.

Salir corriendo. Intérprete: Amaral.

Y en tu ventana. Intérpretes: Andy y Lucas.

A partir do traballado nesta actividade, **podedes extraer reflexións, conclusións ou ideas a partir das cales expor o guión dun clipmetraxe.**



Anexo

REFRÁNS

- A mula e a muller a paus hase de vencer.
- Ao home de máis saber, unha muller soa botaralle a perder.
- A muller casada e honrada, a perna crebada e en casa.
- Nai, que cousa é casar? Filla, fiar, parir e chorar.
- A muller sabe, sen mestre, chorar, mentir e bailar.

De que xeito interpretas estes refráns?, Que aparece reflectido neles?

Como é a muller móstranos estes refráns?, é así na nosa sociedade?

Que tipo de relación entre homes e mulleres móstranos estes refráns?

Considerades que estes refráns permanecen vixentes hoxe en día?, en que aspectos?



Anexo

CANCIÓNS

*... Yo hubiera muerto por su risa.
Hubiera sido su feliz esclavo.
Qué dolor sucio y traidor
me envenena el corazón.
Sé que ella nunca enloqueció.
Jamás perdió el control.*

*Quiero verla bailar entre los
muertos,
la cintura morena que me volvió
loco,
llevo un velo de sangre en la
mirada,
y un deseo en el alma,
que jamás la encuentre.
Sólo quiero que una vez
algo la haga conlover.
Que no la encuentre jamás
o sé que la mataré.*

*Por favor sólo quiero matarla.
A punta de navaja,
besándola una vez más...*

*...Aquí me ves
aunque liberada soy tu rehén
seduces ... encantas
qué puedo hacer
de la encrucijada que tienes montada no
escaparé.*

*Te abriré las puertas del alma de par en par
dispuesta a hacer todo a tu voluntad
dispuesta a hacer todo lo que te dé la gana.
Qué me importa !!!...*

*...Esta es la historia de un sábado
de no importa que mes
Y de un hombre sentado al piano
de no importa que viejo café.*

*Toca otra vez viejo perdedor
haces que me sienta bien
es tan triste la noche que tu canción
sabe a derrota y a miel*

*Cada vez que el espejo de la pared
le devuelve más joven la piel
se le encienden los ojos y su niñez
viene a tocar junto a él
Pero siempre hay borrachos con
babas
que le recuerdan quién fue
el más joven maestro al piano
vencido por una mujer...*

*...Cada espacio tiene su lugar
cada beso unos labios que dar
y los tuyos que mienten por nada me llenan de
soledad...*

*A pesar de no quererme
a pesar de serme infiel
te debo perdonar por una sola razón....*

*Cada día me siento más y más enamorada, amor
y quisiera contar con todo el mal que no me hiciste...
pero sé que es muy tarde y que no habrá segundas
partes
que aquí no caben dos sin tres he de olvidarte
y cada día me cuesta más....*